

AO SERVIZO DAS DAMAS

1562

Gregory La Cava, 1936

ESTREA EN NUMAX: 29.07.2025 | V.O.S.E. | 94 min

Unha das máis acedas, enxeñosas e brillantes sátiras da alta sociedade xamais filmada. Un vagabundo é contratado por unha moza para servir na luxosa mansión da súa familia, situada na elegante quinta avenida neoyorkina. O que segue é unha entretida e esaxerada parodia da banalidade da clase social adifneirada, con maxistrais gags dignos do mellor e máis clásico teatro de variedades americano.

O filme terá dúas proxeccións no ciclo 10/10. As espectadoras presentan no que, dentro da celebración do décimo aniversario da cooperativa, convidamos as dez usuarias máis habituais da sala a seleccionar e programar unha película. Neste caso o programador das sesións é Ignacio Piñeiro que nos escribe:

«Partindo do difícil que resulta quedar cunha soa, parecía máis axeitado para un ciclo de celebración unha película divertida. "My man Godfrey" xunta a comedia tola coa picardía das películas de Lubitsch ou Wilder, cargando de dinamita cada gracia enxeñosa -ademais de deixar frases que trato de utilizar a diario: "todo o que se necesita para iniciar un manicomio é unha habitación baleira e o tipo adecuado de persoas", ou "a única diferenza entre un vagabundo e un home é un traballo". Aquí o aparentemente inocente Powell está ao servizo de Lombard nun enredo sobre o conflito de clases, un tema habitual nos anos da gran depresión que sempre está de actualidade. Aínda que ben podería estar excusada polo aniversario, a razón da elección desta película son Carole Lombard e William Powell. Non coñezo unha parella protagonista máis elegante (graciosa e carismática e irresistible), que consiga con naturalidade que unha comedia disparatada sexa un fino retrato social.»



Un esquecido de Hollywood

Por Jorge García

Nacido en Towenda, Pensilvania, en 1892, fillo dun zapateiro que abandonou á súa familia para ir a buscar ouro en Alaska, se unha lesión nunha man non frustrase os seus desexos de ser boxeador, posiblemente o seu destino tería sido moi distinto. O certo é que ese accidente provocou que estudase pintura e debuxo e comezase a traballar en diarios e revistas ilustrando historietas, relacionándose logo con directores de animación. Ingresado na compañía de W.R. Hearst, realizou algunhas comedietas de dous rolos antes de debutar na longametraxe en 1922. O seu traballo no período mudo non tivo maior relevancia, podendo destacarse algúns filmes que realizase co cómico W.C. Fields como protagonista.

Foi a partir do seu ingreso no cinema sonoro que a súa obra ofreceu trazos persoais, sobre todo no terreo da comedia, converténdose nun destacado realizador nese xénero no período que vai de 1931 a 1941. O fracaso comercial d' *Unha dama en apuros* (1942) agudizou o seu alcolismo e de alí en diante só completou unha película en 1947. Ao ano seguinte comezou outra con Ava Gardner pero foi despedido aos 11 días de rodaxe. Con graves problemas de saúde e esquecido, Gregory La Cava faleceu en 1952 en Chicago. Caso típico do artista que viu unha posible gran carreira frustrada polos seus problemas persoais, ao que debe sumarse a súa prematura morte, Gregory La Cava, polos filmes realizados na frutífera década antes mencionada debería ter hoxe un maior recoñecemento.

É que –á parte da xa sinalada adicción ao alcol- as súas actitudes persoais como as desaparicións das rodaxes ou o feito de chegar borracho ao set, colocaron nun segundo plano os seus innegables méritos como realizador, dono dun estilo lixeiro, - que non superficial- e sofisticado, que en varias ocasións se sobrepuxo, a través da precisión da súa posta en escena, á escasa calidade dos guións con que traballaba. Outras características dos seus mellores filmes –entre os que se contan varios dos primeiros sonoros que realizou, moi pouco vistos- son a habilidade para a construción dos diálogos (que ás veces dan a sensación de seren improvisados), o uso sistemático dos fundidos en negro para separar escenas, a súa dirección de actores, o traballo cos personaxes secundarios (varios dos seus mordomos son inesquecibles) e a capacidade para introducir escenas de ton melodramático nas súas comedias.

Un elemento que aparece con frecuencia nas súas filmes son as relacións e diferenzas de clases, ás veces cun rumbo case anarquista, noutras cun ton máis conciliador. Se ás veces os finais dos seus filmes poden parecer abruptos, sempre terminan sendo lóxicos e –como en moitos dos directores do Hollywood clásico- hai nas súas películas unha gran utilización da profundidade de campo e da montaxe dentro do cadro.

Ao servizo das damas desenvolve unha vez máis o tema das diferenzas de clases a través da historia dun vagabundo que é contratado como mordomo dunha familia rica disfuncional, provocando que dúas raparigas disputen o seu amor. Notable estudo de caracteres e grandes personaxes secundarios nun filme que, finalmente, aposta pola conciliación de clases.